

CONSELLO PARROQUIAL

MOURENTE

29/11/16

ASISTENTES:

- Comunidade de Montes
- ANPA Ceip Villaverde
- Asociación mulleres rurais Amarinda
- AAVV Os Campos
- Alberto Oubiña

O concelleiro delegado da parroquia Alberto Oubiña reúnese cos membros do consello parroquial de Mourente para presentar as vindeiras obras a realizar na parroquia, así como para recoller novas propostas. A xuntanza comenza coa seguinte orde do día:

- **OBRAS INMEDIATAS**
- **SEGUIMENTO OBRAS**
- **CONTORNA CEIP VILAVERDE**
- **SANEAMENTO**
- **PETICIÓN E SUXESTIÓN**
-

VINDEIRAS OBRAS

Están a piques de comenar unha serie de obras que rematarán ao longo do mes de decembro, primeiro trimestre do 2017. Representan unha inversión aproximada de 170.000 euros

1. Acondicionamento dun pequeno tramo entre Casas Novas e a igrexa que está en moi malas condicións, para poñelo ao mesmo nivel que o anterior e posterior.
2. Rematar o tramo de camiño que vai dende O Monte ata Cons. Nestes momentos so falta que Fenosa retranquee os postes e se remate de asfaltar. Está incluído a colocación de reductores de velocidade, por solicitude da veciñanza.
3. Nos Areás, na pista dende o centro de petanca ata a rúa dos Campos, arranxaranse soamente os tramos que estén en peores condicións porque proximamente se vai a poñer a liña de abastecemento de auga. Esta obra será, posiblemente, realizada no 2017.
4. Construcción de reductores de velocidade e arranxo de tramos en peor estado na rúa do Costado. Detectáronse velocidades moi altas neste tramo e a veciñanza reclama poder sair ás rúas con seruridade.
- 5.

SEGUIMENTO OBRAS

A veciñanza dos Aléns (Casas Novas) está falando cos propietarios e propietarias dunha serie de fincas para chegar a algún acordo para que a tubería do saneamento pase polas cabeceiras das súas propiedades, e así dar servizo a un grupo de vivendas.

Na zona de Carabelos, á altura do lavadoiro, se canalizaron as augas a ambos lados da carretera. Os veciños propuxeron que se prolongue esta canalización un pouco máis, polo camiño vello de Castilla. Este proxecto está contemplado para o vindeiro ano por acordo deste Consello Parroquial.

Está previsto que ao longo do vindeiro ano se arranxe o lavadoiro da Condesa. Está incluído no plan de parroquia.

Na zona da Raxeira está pendente o arranxo do lavadoiro, e tamén estase á espera da supresión dunha curva (solicitada polo consello parroquial), e terá que negociarse a cesión dun terreo. A obra tamén incluíría o reasfaltado, e calmado de tráfico en todo o tramo. Unha melloría sustancial da zona que foi acordada no seu día polo propio Consello e incluído no Plan de Parroquia

CEIP VILAVERDE

A comenzos deste curso peonalizouse unha pequena pista (agás residentes) para que se acceda ao colexio a pe e así dar mais seguranza aos nenos e nenas que vaian andando ao colexio. O tráfico rodado desvíouse pola rúa do Porrelo, que haberá que mellorar porque hai estancamento de auga en algunhas zonas.

A intención do Concello é arranxar o acceso dende a parte de abaixo do colexio. Os técnicos municipais están facendo un estudo para acondicionar a rúa e a zona de aparcamentos. Dende o colexio suxeriron que se cortaran uns setos anexos ao colexio para ampliar o estacionamento dos autobuses.

Fixarase un día para unha xuntanza entre a directiva do colexio, anpa e Concello para consensuar as solucións e posibles actuacións a realizar na contorna do colexio.

SANEAMENTO

Neste momento estanse facendo pequenos tramos de saneamento porque o percorrido da estrada xeral inda non está definido.

Dende o consello parroquial suxírese que se deixen feitas xa as conexións ata as vivendas para non ter que voltar a levantar as beirarrúas. Estudarase esta polibilidade

PETICIÓN E SUXESTIÓN

Recuperación de dous camiños

- Peimouros: pola parte de arriba do río, dende o lavadoiro do monte ata Cons.
- Dende a Bouza ata as curvas que suben a Leirados
- Construcción de redutores de velocidade dende a Igrexa ata Mourente, Mourente
- Cortar acacias preto da casa de cultura de Construcción
- Arranxo do lavadoiro preto da fonte do Ogro, nos Campos. Ten pequenos desprendementos e pode resultar perigoso. Está previsto que se repare o vindeiro ano pero irán os técnicos en breve a valorar a perigosidade dos desprendementos.
- Redutores de velocidade por diante da casa de cultura de Cons
- Arranxo do lavadoiro de Condesa.
- Aumentar o alumeado na carballeira da Coxa e limpeza da maleza da beirarrúa
- Ampliar a zona de aparcamento preto do campo de petanca dos Campos. Vaise

realizar no vindeiro mes.

- No centro social de Cons necesitan: foco exterior, radiadores, cortinas e acceso a internet. Os armarios para as asociacións as mesas e as cadeiras chegarán a principios de ano.